



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 11 de setembro de 2013

HORA DE COMEZO: 13.30 horas

HORA DE REMATE: 14.30 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Rexeitamento alegación presentada por don Xosé Manuel Raviña e outros.
Aprobación definitiva acordo adoptado o 10/07/2013**
- 3. Aprobación Conta Xeral 2012**
- 4. Informe de morosidade, 2º trimestre 2013**
- 5. Informe cumprimento de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto**
- 6. Modificación das ordenanzas de saneamento e abastecemento (Incremento IPC)**
- 7. Festivos locais 2014**

8. Información da Alcaldía

9. Rogos e Preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior.

Por unanimidade apróbase a acta da sesión celebrada o 10 de xullo de 2013.

2.Rexeitamento alegación presentada por don Xosé Manuel Raviña e outros. Aprobación definitiva acordo adoptado o 10/07/2013

Dáse conta das alegacións presentadas o 12 de agosto 2013 por don Xosé Manuel Raviña Rubio e outros, rexistro de entrada nº 13/1610.

A continuación o sr. Canabal de ANOVA di o seguinte:

Como xa dixen no pleno pasado de xullo, visto os antecedentes e a consideración xurídica, antóllase claramente ilegal a suspensión temporal do inicio das obras de execución da urbanización, o aprazamento da presentación do Aval, e a modificación dos prazos no plan de etapas do Plan de Sectorización.

E o que se antolla máis grave neste asunto, é que tanto para a aprobación como para o rexeitamento da alegación non se presenta nin un só argumento xurídico a todo e canto dixen no presente pleno a saber:

1.- A previsión da Lei 9/02 (art. 128 LOUGA) para os casos nos que os particulares incumpren as súas obrigas é o cambio de sistema, non a suspensión de prazos para urbanizar e/ou garantir a urbanización. A solución que se propón pola Alcaldía é unha ocorrencia, e ademais é contraria á lei.

2.- Si o Concello non ten medios sempre se pode tratar de licitar o desenvolvemento do polígono para seleccionar unha empresa interesada.

3.- Non se pode modificar o plan de etapas do Plan de Sectorización por dúas razóns: a primeira, porque sería un acto nulo de pleno dereito, por infracción absoluta de procedemento (art 62.1. da Lei 30/92) xa que para modificar o Plan de Sectorización debe seguirse o mesmo procedemento previsto para a súa aprobación, como di o art. 93.4 da LOUGA; e a segunda porque o Plan de Sectorización prevé unha única etapa.

4.- A suspensión que se propón, tal como se formula, ten carácter indefinido, porque xa se prevé a súa renovación posterior sine die.

Ningunha das catro cuestións formuladas foron contestadas. E tampouco se contestan as catro cuestións formuladas na alegación, alegación por certo, presentada por Xosé Manuel Raviña tanto en nome propio, en nome de dúas sociedades e de tres persoas máis, que non foron notificadas, polo que penso que toda a argumentación de extemporaneidade cae polo seu propio peso.

Se o pasado mes de xullo solicitei a retirada deste punto da orde do día, e o estudo pormenorizado das **OPCIÓNS LEGALMENTE PREVISTAS NA LEI**, agora mesmo e despois de ver que non existe ningún argumento xurídico as cuestións formuladas, e

incluso retorcer a lei 30/1992 para declarar unha alegación fóra de prazo, reafírmome no dito no pasado pleno, e volto a insistir na necesidade de contar cun informe xurídico que avale este acordo e que desestime unha a unha as cuestións por min formuladas e as formuladas tamén nesta alegación.

Por outro lado recordar aos membros desta corporación, que con data 16 de novembro de 2007 se asinou un convenio urbanístico entre o Concello e a Xunta de Compensación do SAUI-2, ratificado no pleno do 29 de novembro de 2007, onde se estipulaba:

1.- A incorporación do Concello á Xunta de Compensación e a achega de fincas.

2.1.- A obriga da Xunta de Compensación ao desenvolvemento da xestión urbanísticas en concreto:

- A presentar o proxecto de compensación no prazo máximo de 45 días naturais dende a aprobación do convenio.
- A presentar o Proxecto de Urbanización no prazo máximo de 3 meses dende a aprobación do Proxecto de Compensación.
- A adxudicación das obras e inicio da obra de urbanización tres meses dende a aprobación do Proxecto de Urbanización.

En todo caso, segue dicindo o convenio, sinálase como prazo máximo para o cumprimento anterior o 31 de decembro de 2008, data na que a Xunta de Compensación deberá ter cumprido correctamente con todos os trámites de presentación do proxecto de compensación, presentación do proxecto de urbanización, adxudicación das obras de urbanización e inicio das mesmas. O incumprimento dos anteriores prazos e/ou do prazo máximo sinalado para o 31 de decembro de 2008 autorizará ao Concello para CAMBIAR O SISTEMA DE ACTUACIÓN.

2.2.- A Xunta de Compensación queda obrigada a presentar os avais e garantías precisas sinalados na LOUGA (20%) do custo estimado da urbanización.

2.3.- Para o caso de que o transcurso do desenvolvemento do Polígono se modifique a normativa reguladora do Chan, frustrando as expectativas económicas do Concello respecto do aproveitamento urbanístico que lle corresponde por cesión legal, a Xunta de Compensación aboará ao Concello, en concepto de indemnización a cantidade máxima de 701.969,18 €.

3.- Reflicítese o dereito de participación do Concello no aproveitamento urbanístico do concello fixado no 10% e salientáanse as fincas que formarán parte do Concello de Boqueixón. O incumprimento desta obrigación autoriza ao concello a resolver o Convenio e a cambiar o sistema de actuación.

É dicir, e para concluír, e para que me entendan os concelleiros desta Corporación, que o acordo que se toma, hoxe de forma definitiva, contradí claramente lexislación básica en materia de solo, tómase sen ningún informe xurídico que o avale, tómase contra do convenio urbanístico regulador aprobado neste mesmo pleno, retórcese como un calzetín a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común... en fin, tomo as palabras prestadas da alegación para manifestar tamén que se trata dun “disparate xurídico”.

É insostible tomar así un acordo. E unha vez máis, recordo as responsabilidades que temos como Concelleiros desta Corporación. E que chegado o momento, haberá que esixilas, porque non pode ser que se formule un acordo contrario á Lexislación sen informe xurídico de ningún tipo, e non se pode consentir que os Concelleiros veñamos ao pleno desta corporación única e exclusivamente a levantar a man.

Seguidamente o sr. Barcala do PSdeG di que basicamente coincide co sr. Canabal e polo tanto está de acordo co rexeitamento desta proposición da alcaldía. Di así mesmo, que debería adoptarse o acordo co correspondente informe xurídico.

O sr. Alcalde responde que constan os informes favorables do arquitecto de Estudio Técnico Gallego e ademais nin a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, nin Augas de Galicia nin ADIF fixeron alegacións a esta suspensión temporal aínda que si se lles comunicou o acordo.

Sen mais procedese coa votación, cos votos en contra dos representantes de ANOVA e do PSOE e os votos a favor do P.P e tendo en conta os seguintes:

Antecedentes

O pleno da corporación en sesión celebrada o 10 de xullo de 2013 acordou autorizar a suspensión temporal do inicio das obras de execución de urbanización do polígono industrial do SAUI-2 de Boqueixón e o aprazamento da presentación do correspondente aval por importe do 20% do custo das obras. Así mesmo, acórdase dar un prazo de 15 días para a presentación de alegacións.

Con data 16 de xullo 2013, rexistro saída 13/707 comunícase o referido acordo á Axencia Inmobiliaria Raviña S.L; o cal foi recibido, segundo consta no expediente, o 18 de xullo de 2013, e con data 12 de agosto de 2013, rexistro de entrada nº 13/1610 recíbese no concello a alegación presentada por don Xosé Manuel Raviña Rubio en nome propio e no da Axencia Inmobiliaría Raviña S.L; así como en nome de Raviña S.L; de don José Raviña Devesa, Herminda Rubio Regueiro e Manuel González Rey.

Consideracións xurídicas

1/ O artigo 47 da Lei de réxime xurídica das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que os termos e prazos establecidos na lei obrigan as autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como os interesados nos mesmos.

No artigo 48 establece que cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.

2/ O artigo 84.2 da mesma lei establece que os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar documentos que estimen pertinentes.

3/ O artigo 59.4 establece a notificación mediante publicación no BOP e taboleiro de edictos concello para os interesados nun procedemento dos que se ignore o lugar ou intentado a notificación esta non se puidese practicar.

O anuncio publicouse no boletín oficial da provincia do 24 de xullo 2013 e no taboleiro de edictos.

Non obstante ao sr. Raviña, si puido practicarse a notificación a cal foi recibida, segundo consta no expediente, o 18 de xullo do 2013.

Co cal o prazo máximo para a presentación da súa alegación finalizou o 6 de agosto. Consecuentemente a alegación presentada non cumpre o establecido no artigo 84.2 da citada lei ao ser presentada nun prazo superior aos 15 días.

Por outro lado, tendo en conta que, finalizado os prazos de presentación das alegacións, tanto das persoas que foran notificadas como daqueles que o foran a través da publicación, non se presentaron máis alegacións que a anteriormente citada,

ACORDASE:

- 1- Rexeitar por extemporaneidade a alegación presentada por don Xosé Manuel Raviña Rubio e outros, o 12 de agosto de 2013 rexistro de entrada número 13/1610.
- 2- Aprobar definitivamente o seguinte:
 - A suspensión temporal do inicio das obras de execución da urbanización do polígono industrial do SAUI-2 de Boqueixón
 - O aprazamento da presentación do aval, por importe do 20% do custo das obras.
 - O prazo para o inicio das obras de urbanización do polígono, así como para a presentación do referido aval, será de TRES anos, susceptible de prorrógas por períodos de dous anos, previa solicitude presentada pola Xunta de Compensación, cunha antelación de catro meses, antes da finalización do novo prazo establecido, e sempre que se acredite as mesmas dificultades económicas para financiar as obras e presentar o aval correspondente.
 - A modificación dos prazos establecidos no convenio, en base a este acordo.
 - A modificación dos prazos no plan de etapas, do “PLAN DE SECTORIZACIÓN” aprobado, en base a este acordo.

3.Aprobación Conta Xeral 2012

Confeccionada a conta xeral correspondente ao exercicio 2012, cun resultado presupostario de 11.210,81 €, un remanente de tesourería de 194.353,63 €, un aforro bruto de 88.658,65 € e un aforro neto de 4.560,92 €; informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa reunión do 31 de maio de 2013. Únese a referida conta o preceptivo informe económico da secretaria - interventora do concello, así como o resultado da súa exposición pública no BOP número 109, do 10/06/2013, durante o cal non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións contra a mesma, propónse ao pleno a súa aprobación.

Neste punto o sr. Canabal di que isto é outro dos ritos anuais que toca cando empeza o mes de setembro e a pesares de que a conta xeral contén información que cómpre analizar (eu sempre o fixen), falta un ano, no que o equipo de goberno dea algunha explicación da conta. É máis, se os concelleiros da oposición non fixeramos o esforzo de análise das contas, estou convencido, de que este punto se saldaría automaticamente cos brazos ao ar, e a outra cousa.

Como xa teño feito un relatorio pormenorizado na Comisión de Contas do pasado mes de maio, cando se informou co meu voto en contra, non vou a facer unha análise tan pormenorizada, máis si quixera deixar algunha consideración.

Aproveito entón para contarlles algunha cousa, algunha xa exposta na Comisión de Contas, e outras novas, aínda que pouca novidade vai haber.

COMPOSICIÓN DA CONTA XERAL.

Sería interesante que para comezar a analizar a conta, os concelleiros do P.P ao igual que o público puidera observar o contido desta conta. Existe un documento contable composto por catro partes claramente diferenciadas:

- O Balance.
- A conta do Resultado Económico – Patrimonial.
- O Estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.

Ademais destes documentos, están tamén o que pode considerarse a parte xustificativa, é dicir, as nóminas e facturas individualizadas de todos os abonos do concello, así como os xustificantes de ingresos (subvencións e transferencias doutras administracións e impostos e taxas recadados por este Concello, fundamentalmente).

Se reunimos todos os documentos, ao peso, saen bastantes quilos de papel.

Facendo unha análise dos dous bloques, é dicir, do documento contable por unha parte, e da parte xustificativa por outro, poderíamos sacar conclusións interesantes. Mais dende o equipo de goberno négannos sempre este debate, e a proba me remito, ou os reto, a que hoxe fagan algún.

Comezamos pois polo documento contable e ao final daremos unhas pinceladas sobre a parte xustificativa:

Cómpre dicir, como xa teño exposto nos últimos anos, que a primeira e segunda parte do documento contable, a referida aos Balances e a conta do Resultado Económico - Patrimonial, non ten ningún interese económico patrimonial, e isto é así posto que **NON SE REALIZAN AMORTIZACIÓNS POLO QUE A CONTA XERAL NON REFREXA UNHA IMAXE FIEL DO CONCELLO INCUMPRÍNDOSE O PRINCIPIO XENÉRICO DE TODA CONTABILIDADE.**

É dicir, os vehículos, maquinaria, inmovilizado, ordenadores... aparecen nos balances polo seu prezo de adquisición ou valor de mercado, con independencia ou non da súa “obsolescencia”. En Boqueixón, non pasan os anos, e todos nos mantemos inmaculados, o cal para min sería unha vantaxe que contara con aqueles 24 anos que tiña cando decidín entrar nesta lea política.

Deste xeito:

- A primeira parte da conta, o que son os balances non teñen ningún tipo de interese.
- Non existe de momento un inventario actualizado.
- As cifras do inmovilizado, inmovilizacións inmateriais e materias, non teñen ningún senso contable.
- As cifras do Patrimonio carecen de interese ao non ser reais.

É así que temos que pasar directamente aos datos do exercicio, para tirar algunha conclusión. Dun xeito moi sintético:

ANÁLISE XENÉRICA DE GASTOS.

Á vista dos gastos, e comparativa con outros anos podemos destacar:

- **O Estado de Gastos** ascende no 2012 a 2.809.487,46 € o que supón unha variación respecto ao 2011 do -18.65%, chegando ao -44.71% se o comparamos co orzamento do ano 2009.
- **Os gastos de Persoal tamén baixan neste ano notablemente** respecto ao 2011. Ascenden a 1.380.432,73 € o que supón unha baixa con respecto ao 2011 dun 23,18%. Porén, neste caso chama a atención que esta cifra é parella á rexistrada no ano 2009 (-1,44%). É dicir, o persoal consume practicamente os mesmos recursos ca no ano 2009 baixando a actividade do concello (á cifra de gastos xerais me refiro), un 44,71%.
- **Acúrtase a marxe de Manobra:** A Cifra do Aforro (Gastos Totais – Gastos de Xestión) arroxa unha cifra de 248.955,86 €, un 22,98% menos ca do ano 2011, e un 89,94% inferior ao 2009.

ANÁLISE XENÉRICA DOS INGRESOS.

- **O Estado de Ingresos** ascende no 2012 a 2.809.487,46 € o que supón unha variación respecto ao 2011 do -18.65%, chegando ao -44.71% se o comparamos co orzamento do ano 2009.
- **Os ingresos tributarios (Impostos e taxas), acadan os 914.467,93 €, cun incremento** do 3,84% respecto do 2011. Chama a atención neste apartado o incremento do 25,92% das taxas no 2012 con respecto ao ano 2011. É dicir, nun momento de crise e de forte descenso dos recursos do Concello, a xente do común, paga máis ao Concello. Ou o que é o mesmo, a crise das arcas locais págaa o cidadán de a pé.
- **As transferencias doutras administracións caen** aos 1.822.958,30 € (-28,47% respecto ao 2011). A cifra cae máis dun 55% se as comparamos co ano 2009.

FONTES DE FINANCIAMENTO.

- **Os ingresos por impostos** ascenden a 653.942,17 €. Ven sendo isto un 3% menos co recadado en 2011 por este concepto, aínda que a súa importancia no total dos ingresos ascende do 19% de 2011 ao 23,76% no 2012.
- En canto ás **taxas, estas incrementáronse fortemente**; dos 230.049,96 € do ano 2011 pasase aos 295.547,56 € do ano 2012, o que supón un incremento de máis do 28%.
- **Os ingresos por transferencias correntes tamén baixan fortemente.** De 2.256.839,84 € do 2011 aos 1.599.886,45 € do ano 2012, representando unha baixa do 30% nos recursos obtidos doutras administracións públicas.
- Caen perigosamente tamén as transferencias de capital. Dos 378.885,32 € do ano 2011, pásase aos 194.532,57 € do presente ano, o que supón unha redución do 48,66%.

Analizando conxuntamente estes tres bloques concluímos:

- A crise económica e das arcas municipais estaría pagando directamente os cidadáns cun incremento moi importante na presión fiscal do Concello.

- Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación, estanse a desentender das necesidades dos concellos, en concreto do de Boqueixón, e á mostra o que nos arrojan as cifras das transferencias.

En fin, menos servizos e perda de calidade neles, máis caros, máis presión fiscal, despido de traballadores e desmantelamento da Administración Local. Unha situación, certamente, trágica.

O RESULTADO ORZAMENTARIO.

Ao igual que dicía no apartado das anotacións xenéricas en canto ás amortizacións e os balances do Concello, igual ocorre co Resultado Orzamentario.

Pouco podemos analizar da cifra do Resultado toda vez que este se comporta como unha goma, estira e encolle en función do volume dos Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito que vostedes aproban contra toda norma ano tras ano.

Polo tanto antes de analizar a cifra en si cómpre facer dous axustes adicionais para vernos o resultado do 2012:

- Descontar dos Gastos o REC 2012, e dicir, os gastos do ano 2011 que foron cargados ao orzamento do 2012.
- Sumar o REC 2013, é dicir, aqueles gastos do ano 2012, que por non haber consignación orzamentaria se pasaron ao exercicio 2013.

Deste xeito temos o seguinte:

	CONCEPTOS	DTOS RECOÑECID OS NETOS	OBRIGAS RECOÑECID AS NETAS	AXUST ES	RESULTADO ORZAMENTA RIO
a	Operacións Correntes	2.551.609,72 €	2.491.493,24 €		
b	Operacións correntes non financeiras	194.532,57 €	194.178,12 €		
1	Total operacións non financeiras	2.746.142,29 €	2.685.671,36 €		
2	Activos financeiros	6.295,44 €	0,00 €		
3	Pasivo financeiros	0,00 €	55.555,56 €		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO		2.752.437,73 €	2.741.226,92 €		11.210,81 €

AXUSTES TENDO EN CONTA O RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 2012 e 2013

(+)	Recoñecemento extraxudicial de créditos 2012	62.955,19 €
(-)	Recoñecemento extraxudicial de créditos 2013	95.765,04 €
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO		-21.599,04 €

Polo tanto non serían os 11.210,81 € que saen do resultado orzamentario presentado.

A XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS.

Unha das cuestións que pode indicarnos un alto grao de ineficacia, son a externalización dos servizos públicos, que parellamente, e como se está a visualizar na práctica, son unha fonte de corrupción político – empresarial.

Como xa se ten dito, paralelamente a ter un plantel suficientemente dimensionado, realizouse nos últimos anos unha importante externalización dos servizos públicos, é dicir, paralelamente ao incremento do persoal, realizáronse concesións a empresas privadas para a xestión dos servizos públicos. Sinteticamente e para que se entenda: Máis persoal e menos servizos para xestionar directamente.

Neste caso e tal e como se recolle no cadro incluído ao orzamento e dalgúns outros que non recollen:

SERVIZO	EMPRESA
Xestión do servizo público de Sumidoiros	Espina & Delfín
Servizo de mantemento e reparación da iluminación pública	Montaxes Eléctricos Fernández Fuentes
Xestión do servizo público de abastecemento de auga potable	Espina & Delfín
Servizo de Axuda a domicilio	Servicios y Materiales, S.A.
Servizo de realización de actividades deportivas e culturais	Fundación de Estudios y Análisis (FESAN)
Mantemento de instalacións de calefacción en edificios municipais	Antonio Pena, S.L.

Outra xestión indirecta:

SERVIZO	EMPRESA
Asistencia Técnico – Urbanística	Estudio Técnico Gallego, S.A.
Tratamento dos RSU	SOGAMA
Tratamento dos RSU	COREGAL
Tratamento dos RSU	L. SECOPE
Mantemento Informático	Compostela Digital, S.L.
Xantar na Casa	Consorcio Galego de Benestar
Servizo de Recadación Tributaria	Deputación da Coruña
Programa de prevención da dependencia	FISS Coruña
Servizos Xurídicos	Deputación da Coruña

MAGNITUDES ORZAMENTARIAS.

Distínguense na conta as seguintes magnitudes orzamentarias:

- **Remanente de Tesourería:** 194.353,63 €
- **Superávit Orzamentario:** 60.470,93 € (Afectado pola magnitude do REC).
- **Resultado Orzamentario:** 11.210,81 € (Afectado pola magnitude do REC).
- **Aforro Bruto:** 88.658,65 € (Afectado pola magnitude do REC).
- **Aforro Neto:** 4.560,92 € (Afectado negativamente pola magnitude do REC e positivamente polo cálculo dos xuros).

Se tiveramos en conta os volumes dos REC (descontar os gastos do 2011 que se pasaron ao orzamento de 2012 -62.955,19 € e sumar os gastos do 2012 que se pasaron ao orzamento do 2013 +95.765.04 €), as grandes magnitudes orzamentarias serían certamente distintas e tamén negativas:

- **Remanente de Tesourería:** 194.353,63 €
- **Superávit Orzamentario:** 27.661,08 €.
- **Resultado Orzamentario:** -21.599.04 €
- **Aforro Bruto:** 55.848.80 €
- **Aforro Neto:** -28.248,93 €

CARENCIAS NA XESTIÓN DOS GASTOS.

En canto a unha das carencias fundamentais destes orzamentos é que se imputan os créditos segundo haxa ou non crédito orzamentario.

E así que atendendo aos corpos dos propios ADO's, vemos como na imputación dalgunhas facturas se podería entrar en manifesta irregularidade, posto que se cargan facturas de consumo de gasóleo do Camión do Lixo ao grupo 1 de Protección Civil, e viceversa.

Sei de antemán que as entidades locais de menos de 5.000 habitantes poden presentar e executar os seus orzamentos a nivel de área de gasto e artigo, mais isto non debe ser limitación para poder controlar os distintos centros de custos, como pode ser Protección Civil, o Servizo de Recollida de Lixo, o Servizo de Desbroces... E computando as facturas tal e como se realiza na conta xeral, resulta certamente imposible estimar os custos de certos servizos, sendo ademais esta práctica claramente irregular, posto que se está a facer unha clara transferencia de créditos encuberta entre os Grupo de Función I, II, III, IV e IX, o cal non está permitido.

MELLORAS DA CONTA XERAL.

Cómpre tamén facer un inciso e xa para rematar sobre as melloras introducidas na Conta Xeral deste ano en relación coa do pasado ano.

Polo lado dos ingresos facía unha consideración o ano pasado, no relativo a aqueles ingresos por actividades deportivas, ociotecas... que estaban ingresadas por persoal do concello (Pascual, Barrio...) e que non se sabían a quen nin a cantidade individual á que correspondían. E neste punto, certamente hai que recoñecer que se fixeron avances, á

hora de xustificar estes ingresos, ao igual que os pagos, se ben tamén é certo que cómpre non relaxarse nestes aspectos.

Dúas propostas a ter en conta para este ano.

Fixen finalmente dúas propostas na Comisión de Contas, que non sei si se van atender ou non;

Unha tiña que ver coas taxas por actividades educativas e culturais e cos prezos públicos, as cales solicitaba que se fixeran os correspondentes axustes para que se atendera á verdadeira capacidade económica das familias, ao que tamén incluíría neste ano os pagos de comedor mediante becas municipais ás familias con menos recursos, o que podería facer os servizos sociais do Concello. Se a Xunta manifesta un claro desprezo á educación pública, resultaría fundamental que dende este Concello se amosase certa sensibilidade tanto ao ensino público como á situación real das familias.

Resultaría tremendamente inxusto e discriminatorio, sobre todo para os máis cativos, que non poidan ter acceso a certos servizos por falta de recursos das súas familias. E para isto, o traballo dos servizos sociais do Concello antóllase, fundamental.

A outra das proposta feita, tiña que ver co Selo Municipal: Tendo en conta o finalmente recadado no 2012 (500 €) e tendo en conta que na maioría das administracións públicas non se cobra polas compulsas, e sendo coñecedores de que a xente se despraza a outros sitios para facer compulsas, solicitaba a súa eliminación. Quizais que sexa maior os custos de xestión da Taxa que os propios ingresos desta.

RELACIÓN DE PAGOS

Como xa teño bastante debullado as grandes cifras da Conta Xeral, quero facer unha matización en canto á relación dos pagos; nesta conta aparecen os seguintes pagos a empresas vinculadas con algún membro desta corporación:

	CONTA XERAL 2012	REC 2013	TOTAL
Mª Luisa Rendo Facorro	37.932,12 €	367,85 €	38.299,97 €
El Roble, derivados del hormigón, S.L.	10.672,87 €		10.672,87 €
Almacenes Redondo		3.540,75 €	3.540,75 €
GRUPO EMPRESAS RENDO REDONDO	48.604,99 €	3.908,60 €	52.513,59 €
TALLERES GONZÁLEZ S.L.	10.474,39 €	3.807,39 €	14.281,78 €

Tendo en conta o artigo 60 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, prohibese contratar ás persoa xurídicas en cuxo capital participen, nos termos e contías establecidas na lexislación citada, o persoal e os altos cargos de calquera Administración Pública, así como os cargos electos ao servizo das mesmas. A prohibición esténdese igualmente, aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes, sempre que, respecto dos últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal.

É por iso polo que solicito un informe xurídico sobre este aspecto, e en caso de ser positivo, se achegue á Conta Xeral para o seu envío aos organismos pertinentes.

Coido que despois do que dixen, queda o suficientemente claro o meu rexeitamento á Conta Xeral, tanto pola súa elaboración deficiente, como polas políticas de gastos e ingresos que recollen das que son absolutamente contrario.

Todo isto non quita a que agradeza ao persoal tanto contable como á propia intervención do Concello pola súa paciencia e polas súas explicacións á hora de facer o análise desta Conta.

A continuación o sr. Barcal di que como non estivo presente na comisión de contas (polo que aínda non fora nomeado membro dela) ten pouco coñecemento sobre os datos presupostarios do exercicio 2012. Sen embargo, segue dicindo o sr. Barcala, si se constata que houbo un excesivo incremento das taxas e impostos. E por último tamén solicita o referido informe xurídico.

O sr. Alcalde di que esta conta xa foi suficientemente debatida na comisión de contas. So dicir, que o concello segue prestando todos os servizos, que de momento non se despediu a ninguén e que o concello non vai incrementar mais impostos.

Sen mais, procedese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P e en contra do PSOE e ANOVA, acordase:

- 1- Aprobar a conta xeral do concello 2012.
- 2- Remitila ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.

4.Informe de morosidade, 2º trimestre 2013

Dáse conta do seguinte informe de morosidade:

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade.

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período mediopago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes y Servizos	27,9742	15	269	218.690,78	43	50.375,65
Aplicados a Presuposto (Cap. 2) por artigos	27,9742	15	269	218.690,78	43	50.375,65
20.- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	28	15	62	108.235,68	16	33.081,67
22.- Material Subministro e Outros	28	15	197	109.891,61	23	16.989,68
23.- Indemnización	20	15	10	563,49	4	304,30

por razón del servicio						
24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institución s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversións reais	28	0	3	2.425,04	0	0,00
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)	28	0	3	2.425,04	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	27,9744	15	272	221.115,82	43	50.375,65

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0,00
Inversións reais	0	0,00

Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Sen desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendiente de pago excedido(P MPPE) (días)	Pendentes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Gasto en Bens Correntes y Servicios	0	0	0	0,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento y Conservación	0	0	0	0,00	0	0,00
22.- Material Subministro y Outros	0	0	0	0,00	0	0,00
23.- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos e funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operaciones pendentes de pago a final de trimestre	0	0	0	0,00	0	0,00

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

b) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

“.....

Entre el 1 de enero de 2013 y el 31 de diciembre de 2013, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

.....”

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 abril e 30 de xuño de 2013 obtense a seguinte información:

- a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	269	43
Importe total	218.690,78	50.375,65

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	0	0
Importe total	0,00	0,00

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0,00

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 22 de xullo de 2013

Administrativo/tesoureiro,

Interventora

5. Informe cumprimento de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto

Informase de que, en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira, deuse cumprimento da obrigas trimestral de subministro de información ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) por medios electrónicos a través do sistema habilitado por dito ministerio.

Dos datos derivados deste informe trimestral, resulta que o concello cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria e o obxectivo da regra de gasto.

6. Modificación das ordenanzas de saneamento e abastecemento (Incremento IPC)

En sesión plenaria celebrada o 14 de setembro de 2011 acordouse aplicar o IPC correspondente ao mes de xuño de cada ano ás tarifas correspondentes aos servizos de abastecemento e saneamento.

Con data 30 de xullo de 2013, ten entrada o escrito de Espina Delfín polo que achega os prezos incrementados no **2,10% IPC**.

Por este motivo e tendo en conta que co incremento do IPC non se produce alteración do equilibrio económico posto que dito incremento afecta tanto aos usuarios como ao concello, e polo tanto non sendo necesario realizar un estudo económico tal como así establece o artigo 25 da lei reguladora das facendas locais, propónse ao pleno o incremento das correspondentes tarifas no IPC.

A continuación o sr. Canabal di o seguinte:

Unha primeira consideración fundamental que xa levo dito en canto á estrutura de moitas das ordenanzas do noso concello: Son deficientes, inxustas, regresivas e nalgúns casos auténticas animaladas, para financiar servizos moi mal xestionados, caros, e a expensas dos caprichos das empresas concesionarias. En especial, xustamente, nos dous casos que se propoñen.

Taxa de Saneamento:

Tal e como argumentei no pleno do 14 de setembro de 2011 cando se fixo a última modificación da ordenanza, non se entendía que ao longo do ano 2012, se estipulara unha suba do 15%, e do 460% na parte variable, cando se pasa de 0,05 € por m³ vertedura aos 0,28 € que formulou. **É dicir, a máis usuarios, o servizo por unidade sae máis caro.**

Claramente, a ordenanza de saneamento asume ineficiencias na prestación do servizo, e aínda que pode ser comprensible ir aumentando pouco a pouco os incrementos dos custos da prestación do servizo, medidos polo IPC, non pode estar de acordo con esta ordenanza.

En conclusión, os veciños de Boqueixón soportan un aumento de custo do pasado ano, incrementado agora no IPC, non por consecuencia do incremento dos custos de prestación do servizo, senón que é consecuencia dunha ineficiente concesión

administrativa feita no seu día, apoiada por PSOE e PP. E isto, os veciños teñen dereito a sabelo.

Taxa de Abastecemento:

Outro tanto se pode dicir desta taxa; propónse unha suba do IPC sobre unha modificación do 9 de novembro de 2011, impugnada e aprobada definitivamente o 16 de decembro. Unha taxa que igual que a anterior asume as ineficiencias da concesión administrativa, ou mellor dito, da modificación do ano 2006, que a propia a deputación ten aconsellado que se declare a súa nulidade, e refrendada por unanimidade por esta corporación, sen que o PP teña movido un dedo (que se saiba) dende aquela.

É así, que como teñen reclamado os nosos veciños pasouse duns custos dos dous servizos (saneamento e abastecemento) asumibles a unha suba disparatada dende o ano 2012.

E o que os veciños teñen que saber. As taxas destes dous servizos non respostan aos dos custos unitarios do servizo. As taxas respostan aos caprichos dunha empresa coa complicidade do concello.

É pola estrutura destas ordenanzas, máis que pola suba do IPC (que simplemente pola situación que atravesamos xa sería aconsellable non tocar) polo que rexeito o incremento e insto unha vez máis a que se muden as concesións “irregulares” feitas no seu día e a actualización das dúas taxas.

O sr. Barcala, pola súa parte, di que e non recorda votar a favor da concesión, e que o incremento é do IPC pero estase a pagar máis polo recibo de saneamento que polo do lixo e que os locais comerciais aínda pagan moito máis e ademais e inxusta porque ten que pagar o mesmo quen fai unha vivenda familiar que o que fai unha vivenda colectiva.

Termina o sr. Barcala dicindo que está en contra desta proposta e que concretamente, non é xusto incrementar neste momento as taxas, especialmente aos locais comerciais posto que xa o están pasando mal. Por outro lado, tamén estou de acordo en revisar a concesión á empresa.

O sr. Alcalde responde que se hai erros nos recibos, débese reclamar a Espina & Delfín para que os corrixa, para isto, está unha persoa na oficina aquí na casa consistorial.

O sr. Barcala di que noutros concellos polo mesmo servizo págase a metade.

O sr. Alcalde di que as taxas foron aprobadas nun pleno e que agora só se aplica o IPC, porque así foi acordado no seu momento.

O sr. Canabal di que o pleno temen acordou revisar o contrato.

O sr. Alcalde responde que de momento non finalizou o ano.

Sen mais, procedese coa votación e cos votos a favor do P.P e en contra do PSOE e de ANOVA acórdase:

1.- Incrementar as tarifas do servizo de saneamento mediante a aplicación do IPC (2,10%) correspondente ao período xuño 2012-xuño 2013, resultando as seguintes para o ano 2014:

A) ALTAS DE CONTRATO

As taxas de alta a aboar no momento da sinatura do contrato establécense nas seguintes contías dependendo do tipo de abonado:

Por vivenda.....54,81 euros/ud.

Por local comercial.....109,62 euros/ud

Por planta baixa sen dividir o importe obterase de multiplicar 109,62 euros polo número de vivendas que corresponda por planta.

Industrias situadas fóra de polígonos

Ata dous obreiros.....109,62/ ud euros.

Máis de dous ata vinte obreiros328,87/ud euros.

Máis de vinte ata cincuenta obreiros 548,12/ud euros.

Máis de cincuenta obreiros.....1.096,24 /ud euros.

Naves industriais situadas en polígonos industriais:

Ata 500 m²..... 548,12 euros /ud

De 500 m² a 2.000 m² 1.096,24 euros / ud

De máis de 2.000 m² 1.644,36 euros /ud

Promotores de dúas ou máis vivendas unifamiliares(*)......562,92 euros/ vivenda.*

Promoción de vivendas colectivas (edificios colectivos)....562,92 euros/ vivenda.*

* O aboamento da taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promoción de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promoción de vivendas colectivas.

B) CONSUMO

B1).-Abonados de saneamento con servizo municipal de abastecemento.

As tarifas do ano 2013 incrementanse no IPC correspondente ao período xuño 2012-xullo 2013, que é o 2,10%, resultando as seguintes para o ano 2014:

COTA FIXA**ANO 2.013 ANO 2.014**

		€/trim	€/trim
GRUPO 1º	Vivenda (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), despachos e oficinas (ata 2 empregados), locais en galerías, ferraxarías, tendas de electrodomésticos, e semellantes.	10,77	11,00
GRUPO 2º	Industrias de ata 5 obreiros, clínicas médico sanitarias, despachos y oficinas de máis de 2 empregados, academias, comercios maiores de máis de 2 empregados, perruquerías, talleres de motos e bicicletas, panaderías e semellantes. Ademais, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías, e restaurantes sen hospedaxe ata 150 m², e semellantes	15,37	15,69
GRUPO 3º	Industrias de 5 a 20 obreiros, clubs nocturnos, restaurantes e churrasquerías con hospedaxes ata 20 habitacións, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías e restaurantes sen hospedaxe de mais de 150 m², pastelerías, carnicerías, peixarías, talleres de coches, materiais de construción, marmoreerías e semellantes.	23,06	23,54
GRUPO 4º	Tinturerías, lavanderías, imprentas, hospedaxes de mais de 20 habitacións, e industrias de 20 a 30 obreiros, e semellantes.	67,64	69,06
GRUPO 5º	Industrias de mais de 30 obreiros, talleres de lavado e engraxe, talleres mecánicos en polígonos industriais, naves industriais en polígonos, talleres de rodas, centros médicos, colexios, gasolineiras, e semellantes.	92,24	94,18

Por m³ de auga consumido ou verteduras a rede municipal de saneamento : 0,291312 /m³

En cantos ós prezos de execución de acometidas serán os mesmos do ano 2013 incrementados no referido IPC do 2,10%:

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø160-250/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente con peza estanca de enlace, para unha profundidade máxima de 1,5 m. e unha lonxitude máxima de 5 m.

Gabia en terra 378,21 €/ud.

Gabia en asfalto 407,80 €/ud.

Gabia en beirarrúa 448,36 €/ud.

Non haberá canon a favor do concello. Tampouco subvención a favor da empresa.

B2).-Abonados de saneamento sen servizo municipal de abastecemento.

Cota fixa:

Grupo 1 (media 10 m ³ / mes)	6,5680 € / aboad. mes
Grupo 2 (media 15 m ³ / mes)	8,1338 € / aboad. mes
Grupo 3 (media 20 m ³ / mes)	10,7452 € / aboad. mes
Grupo 4 (media 25 m ³ / mes)	25,8851 € / aboad. mes
Grupo 5 (media 35 m ³ / mes)	34,2395 € / aboad. mes

Sen canon nin subvención se o concello aproba estes importes.

B3).- Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento e vertido de gran caudal.

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente o conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede; esta medición servirá de base para a facturación. De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

COTA FIXA ANO 2014

GRUPO 1 10,9970 €/ab.trim

GRUPO 2 15,6892 €/ab.trim

GRUPO 3 23,5443 €/ab. trim

GRUPO 4 69,0617 €/ab. trim

GRUPO 5 94,1769 €/ab. trim

Verteduras: 0,291312 €/ m³

- Estas contías serán incrementadas no importe correspondente ao imposto de valor engadido (IVE)

2.- Incrementar as tarifas do servizo de abastecemento mediante a aplicación do IPC (2,10%) correspondente ao período xuño 2012-xuño 2013, resultando as seguintes para o ano 2014:

A)

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

1.1 Abonados domésticos :

	Ano 2013 Total tarifa	Ano 2014 Tarifa a aboar usuarios co incremento do 1,9 %	Ano 2014 Indemnización Espina&Delfín	Canon 2014 concello
Cota fixa	4,740 €/ab.mes	4,840 €/ab. mes	3,782 €/ab. mes	1,058 €/ab. mes
Consumo :				
1º Bloque : 0 a 10 m³/ab. mes	0,343 €/ m3	0,350 €/ m3	0,274 €/ m3	0,076 / m3
2º bloque : más de 10 a 20 m³/ab.mes	0,427 €/ m3	0,436 / m3	0,340 €/ m3	0,096 €/ m3
3º bloque : más de 20 a 40 m³/ab.mes	1,292 €/ m3	1,319 / m3	1,031 €/ m3	0,288 €/ m3
Excesos : más de 40 m³/ab.mes	1,375 €/ m3	1,404 / m3	1,097 €/ m3	0,307 €/ m3

Abonados industriais, comerciais e obras

	Ano 2013	Ano 2014 Tarifa a aboar usuarios co incremento do 2.10%	Ano 2014 Indemnización Espina&Delfín	Canon 2014 concello
Cota fixa	6,336 €/ab.mes	6,469 €/ab. mes	5,054 €/ab. mes	1,415 €/ab. mes
Consumo :				
Por cada m3 consumido	0,729 €/ m3	0,744 €/ m3	0,581 €/ m3	0,163 €/ m3

Gandarías

Terán un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial

1.2 .- O Canon será ingresado pola empresa na conta bancaria do concello dentro da última semana do terceiro mes seguinte ao período facturado.

2.- ALTAS DE CONTRATO (abastecemento e saneamento)

-Por vivenda	54,81 €/ud
-Por local comercial	109,62 €/ud
-Por planta baixa sen dividir	

O importe obterase de multiplicar 109,62 € polo número de vivendas que corresponde por planta

Industrias situadas fora de Polígono Industrial

- Áta 2 obreiros	109,62 €/ud
- Máis de 2 ata 20 obreiros	328,87 €/ud
- Máis de 20 ata 50 obreiros	548,12 €/ud
- Máis de 50 obreiros	1.096,24 €/ud

Naves industriais situadas en Polígonos Industriais

- Áta 500 m ²	548,12 €/ud
- Máis de 500 ata 2.000 m ²	1.096,24 €/ud
- Máis de 2.000 m ²	1.644,36 €/ud

<u>Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares (*)</u>	562,92 €/viv.
---	---------------

<u>Promocións de vivendas colectivas (edificios colectivos)</u>	562,92 €/viv.
---	---------------

(*) O aboamento de la taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promocións de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promocións de vivendas colectivas

ANO 2013 (2,10%)ANO 2014

3.- COTA POR CONSERVACIÓN DE CONTADORES Y ACOMETIDAS

0,753 €/ab.mes	0,769 €/ab.mes
----------------	----------------

4- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago	4,30 €/ud	4,39 €/ud.
--	-----------	------------

5.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado de contador	17,74 €/ud	18,11 €/ud.
-------------------------------	------------	-------------

6.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMIENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo.	19,71 €/ud	20,12 €/ud.
---	------------	-------------

B)

1.- PREZO DE ACOMETIDAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima.
(1 a 5 m.)

Materiais

- Colariño de toma
- Enlaces
- Tubería de PEAD
- Chave de paso
- Tapa de fundición de 15 x 25

OBRA CIVIL

- Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- Lonxitude de gabia máximo 5 m.

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida y do tipo de reposición a realizar na gabia.

<u>Ø Acometida</u>	<u>Terra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa- beirarrúa (C)</u>
¾"	376,05	421,95	461,23
1"	399,58	453,60	481,35
1¼"-1½"	439,70	489,75	536,96
2"	484,56	532,29	581,87

1. Para as acometidas de lonxitude superior a 5 m. calcularase o custo de acordo co seguinte cadro de prezos:

Acometidas de máis de 5

<u>mts.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1¼"-1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento € por m.	9,94	11,63	16,53	27,85
(B) incremento € por m.	18,33	23,59	28,47	39,31
(C) incremento € por m.	26,22	27,97	32,85	43,47

2.- PREZO DE INSTALACIÓN DE CONTADOR

2.1.- Instalación de contador de 15 mm. en batería de contadores ou similar

- Contador de 15 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

TOTAL	78,04 €.	<u>79,68 €.</u>
--------------	----------	------------------------

2.2.- Contadores de diámetro superior a 15 mm.

Farase presuposto para cada caso.

2.3.- Tarifa de contadores (sen colocación)

TARIFA DE CONTADORES (sen colocación)

Ø15 mm.	58,78	€/ud
Ø20 mm.	79,16	€/ud
Ø25 mm.	128,87	€/ud
Ø30 mm.	180,16	€/ud
Ø40 mm.	279,20	€/ud
Ø50 mm.	610,21	€/ud
Ø65 mm.	756,49	€/ud

7.Festivos locais 2014

Con data 22 de agosto 2013, rexistro de entrada nº 1648, recíbese no concello a circular da consellería de Traballo e Benestar, pola que se solicita ao concello de Boqueixón que designe os dous días de festa local no municipio no ano 2014.

No presente ano 2012 establecéronse como festivos locais o San Vicente (22 de Xaneiro) e o 16 de agosto (San Roque).

Tendo en conta que o 16 de agosto, no ano 2014 coincide en sábado,o pleno cos votos a favor do P.P e a abstención do PSOE e ANOVA acordase designar os seguintes festivos locais para 2014:

- 22 de xaneiro – San Vicente
- 29 maio – A Ascensión

8.Información da Alcaldía

1- Dáse conta dos decretos desde o 8/07/2013 ata o 6/09/2013

1	Aprobación de certificación de obras do orzamento xeral 2013	1
2	Contratación servizos	2
3	Autorización tirada fogos de artificio	9
4	Bases contratación socorrista	1
5	Aprobación lista definitiva de admitidos e excluídos	1
6	Nomeamento contratación socorrista	1
7	Relación clasificada de pagos	1

8	Liquidación de gastos	2
9	Delegación da alcaldía	1
10	Convenio entre concellos	1
11	Solicitud subvención	2
12	Finalizacións de contratos	1
13	Adxudicación contrato	1
14	Expediente despido/cese	2
15	Programa de voluntariado Europeo	1
16	Autorización de gasto	1

- 2- Dáse conta, así mesmo, da sentenza do social nº 3 de Santiago de Compostela, pola que anula a decisión de redución de xornada laboral do auxiliar de deportes.

9.Rogos e Preguntas.

O sr. Canabal fai as seguintes:

PREGUNTAS:

1- Situación do PXOM

De especial importancia saber o estado de situación do PXOM, e as opcións para as aldeas que teñen as licenzas esgotadas polo CUPO das NNSS.

Resposta o Alcalde: O Arqueólogo xa fixo o traballo de campo e parece ser que non existen as Torres de Lestedo.

Creo que en dous meses remitirase a Patrimonio e logo a Medio Ambiente. Para mediados do próximo ano pode estar.

2- Subvención para contratación de Protección Civil

Existe algunha novidade en relación á subvención solicitada para a contratación de Protección Civil.

Resposta o Alcalde: De momento nada como tampouco do obradoiro de emprego. Ao parecer están pendentes de que autoricen Madrid.

3- Externalización da limpeza das cunetas

Por qué se externalizou este servizo?

Como se está realizando o servizo? A maquinaria pona o Concello? Os custos do Gasóleo?

Resposta o Alcalde: Porque non podíamos contratar. A maquinaria e do concello e o gasóleo ten que poñelo a empresa.

4- Caso Manuel Mouriño

Neste caso aínda que non me guste facer caso dos rumores que existen no concello, coido que é pertinente preguntar polo caso de Manuel Mouriño que aparece como sospeitoso de irregularidades no seu posto de traballo.

Aínda que o caso afecta ao plano persoal, as acusacións que se están a verter son da envergadura suficiente como para pedir explicacións no pleno desta corporación máxime tendo en conta a grande preocupación e repercusións que se escoita dos nosos veciños.

A miña práctica como concelleiro, e aos feitos me remito, nunca se caracterizou por facer unha competición por ser o primeiro en esixir dimisións; coido que en todos os casos resulta máis interesante agardar a que no plano persoal se faga unha reflexión e se tome unha decisión. Mais neste caso, polo ben do propio Sr. Mouriño, como polo ben deste concello, do equipo de goberno e da propia corporación, coido que o máis sensato sería o seu abandono de concelleiro, e que tras as explicacións tente defenderse como mellor o estime.

Ser concelleiro desta corporación, Tenente de Alcalde e mesmamente Alcalde en funcións esixe da persoa que ocupe o cargo, estar exento de calquera sombra de dúbida que poida afectar á imaxe (maltreita xa) deste concello e desta corporación.

O sr. Alcalde responde que contra o sr. Mouriño non ten nada, que é un problema persoal del coa súa empresa. Se el quere dicir algo que o faga.

O sr. Canabal, di que polo ben de todos debería dimitir.

O sr. Mouriño, di que nada ten que ver a súa vida persoal coa súa vida política, que nada lle preocupa o que din, que el non foi despedido nin expulsado, senón que marchou voluntariamente. Que el non roubou nada nin á empresa nin ao concello e polo tanto non vai dimitir. So o botarán do concello os que o puxeron cos votos nas eleccións. Segue dicindo que non presenta a dimisión e que nas próximas eleccións se non o queren igual se presenta como alcalde. Reitera que non o botaron reitera da empresa senón que marchou voluntariamente e coa cabeza moi alta.

O sr. Canabal di que trouxo ao pleno este tema, porque é malo ter un alcalde en funcións acusado de roubo.

Por isto lle aconsellei pero agradezo as explicacións. Di, así mesmo, o sr. Canabal que política facémola todos e todo o mundo ten dereito a dicir o que queira.

O sr. Barcala di: como vostede sabe con respecto a este tema eu manifestei nun medio de prensa, que era un asunto laboral e persoal, versión que vostede acaba de corroborar, pero si co transcorrer do tempo e das informacións que se vaian coñecendo a situación mudara, os motivos de despido sen finiquito, que normalmente se deben a cuestións obxectivas ou económicas pasaran a ser de índole de desfalco e malversación de caudais, entóns pediríalle que abandone a corporación municipal, así como, a súa acta de concelleiro, porque toda persoa que forme parte desta corporación, debe estar limpa de todo tipo de acusación de corrupción.

ROGO: (do sr. Canabal)

- **Situación do Pico Sacro**

Onte, e a través das redes sociais cheguei unha aportación para trasladar ao Pleno do Concello en relación coa situación do Pico Sacro.

Parece ser que en días hai moita xente no cumio, e que existe moita maleza e tamén lixo (incluso velas nas covas). Tendo en conta a situación de máxima alerta de incendios na que nos atopamos, coido que habería que manter o entorno limpo, ter algún plan de control se é que é verdade que se forman acumulacións de xente e tentar manter as zonas comunitarias e todo o seu entorno libre de maleza.

O sr. Barcala fai as seguintes:

PREGUNTAS:

1- Tanatorio

Como está a tramitación do tanatorio?

Resposta o Alcalde: Estase tramitando normalmente. Neste momento está enviado o expediente á Consellería de Sanidade para que emita o seu informe.

2- Consumo de gasóleo

Pódeme vostede explicar por qué temos un consumo tan elevado de gasóleo nos depósitos municipais?

Explícome:

Comisión de goberno 22 de agosto de 2013

Punto nº 14 – Aprobación de facturas

7- Gasóleos San Benito gasolina para maquinaria municipal, importe	505,53 €
21- Ulla - Oil gasóleo A para depósito municipal, segundo convenio, importe	3.564,78 €

Comisión de goberno 5 de setembro de 2013

Punto nº 10 – Aprobación de facturas

1- Ulla - Oil gasóleo A para depósito municipal, segundo convenio, importe	3.355,15 €
10- Gasóleos San Benito gasolina para maquinaria municipal, e xardinería importe	117,10 €
21- Ulla - Oil gasóleo C para centro de saúde do Forte, importe	265,86 €

Suma total de consumo	7.808,42 €
-----------------------	------------

Paréceme un consumo excesivo de combustible, máxime cando este ano, o desbroce e limpeza de cunetas, segundo ven de dicir vostede se externalizou, co cal o consumo de combustible debería reducirse moito, xa que neste convenio de desbroce e limpeza de cunetas o concello non aporta mais que a maquinaria e o persoal, pero non o combustible. Se temos en conta por outro lado que o tempo transcorrido entre as dúas comisións de goberno e de quince días, mais razón o meu favor de que o consumo e desorbitante.

Responde o sr. Alcalde, que un motivo é que a finais de xullo roubaron o gasóleo da calefacción e tamén roubaron en dúas ocasións o que había no camiión do lixo.

Por outro lado, débese ter en conta que desde a adxudicación do contrato, o camiión do lixo ten que vir recargar ao depósito que está en protección civil. Por isto, en protección civil teñen que solicitar mais a miúdo o subministro á gasolineira.

O sr. Canabal, pregunta se hai algún sistema de seguridade e responde o sr. alcalde que non. O sr. Barcala di que se debería adoptar algunha medida.

ROGO: (do sr. Barcala)

Que os plenos se fagan polas tardes ás 20:00 horas máis ou menos.

Neste punto a sra. García Fraga di que a ela, venlle mellor ás 13:30 que pola tarde.

Levanto a sesión ás 14:30 horas

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Vº e Pr.
O alcalde